



SERVICIO GEORSS COA PREDIÇÃO DE MAREAS

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato GeoRSS coa predición de mareas.

Cómpre ter en conta que a información pertencente propiamente á estrutura do ficheiro GeoRSS presentarase en formato cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato GeoRSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML.

Parámetros que acepta o GeoRSS

A este RSS pódenselle pasar tres parámetros:

- Para a **data** hai dúas posibilidades:
 1. podemos especificar una data concreta: o parámetro é *data* e debe ir seguido dunha data en formato dd/MM/yyyy
 2. podemos especificar un rango de datas: os parámetros son *dataIni* e *dataFin* e deben ir seguidos dunha data en formato dd/MM/yyyy. Donde *dataFin* debe ser maior que *dataIni* e como moito amosaranse 30 días.
- Para o **porto**: o parámetro é *idPorto* e debe ir seguido do id do porto. Os posibles valores son:

IdPorto	Porto
1	A Coruña
2	Xixón
3	Vigo
4	Vilagarcía
6	Ría de Foz
7	Corcubión
8	Ría de Camariñas
9	Ría de Corme
10	A Guarda
11	Ribeira
12	Muros
13	Pontevedra
14	Ferrol Porto exterior
15	Marín
16	Ferrol



- Para o **idioma**: o parámetro é *request_locale* e pode ter os seguintes valores:
request_locale=es → para o castelán.
request_locale=gl → para o galego.

Por exemplo:

- Para obter o RSS coas mareas para o 25 de novembro de 2009 para todas as zonas:
<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/rssMareas.action?data=25/11/2009>

- Para obter o RSS coas mareas para o 25 de novembro de 2009 para Vilagarcía:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/rssMareas.action?data=25/11/2009&idPorto=4>

- Para obter o RSS coas mareas dende o 27 de marzo de 2013 ata o 10 de abril de 2013 para A Coruña:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/rssMareas.action?dataIni=27/3/2013&dataFin=10/4/2013&idPorto=1>

Etiquetas propias do GeoRSS

title: Título do GeoRSS.

link: Enlace á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición de mareas.

description: Semellante a *title*.

item: Cada grupo de etiquetas contidas entre as etiquetas `<item>...</item>` constitúe o bloque de información referida á predición de mareas para un día concreto e un porto concreto. O significado de cada unha desas etiquetas é o seguinte:

title: Nome do porto e data da predición de mareas.

link: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a predición de mareas.

description: Contén os estilos para mostrar o contido do *item* en formato de noticia.

pubDate: Data da publicación.

guid: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a predición de mareas.

dc:date: Data da publicación.

georss:point: Punto que contén un único par latitude-lonxitude separados por un espacio en branco. Esta etiqueta é propia do GeoRSS-Simple¹.

¹ Para máis información do GeoRSS-Simple consultar: <http://www.georss.org>



Etiquetas con información da predición

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>` e son as seguintes:

Mareas:nomePorto: Nome do porto ao que fai referencia a predición. Contén un atributo *descripcion* que indica o contido desta etiqueta.

Mareas:idPorto: Identificador do porto ao que fai referencia a predición. Contén un atributo *descripcion* que indica o contido desta etiqueta.

Mareas:idPortoRef: Identificador do porto a partires do cal obtívose esta predición. Contén un atributo *descripcion* que indica o contido desta etiqueta.

Mareas:dataPredicion: Data á que se refire a predición. Ten un atributo *formato*, que indica o formato da data.

Mareas:mareas: Datos da predición dunha marea. Os atributos son:

* *estado*: pode tomar os valores "Baixamar" ou "Preamar" para o RSS en galego e "Bajamar" ou "Pleamar" para o RSS en castelán.

* *hora*: hora local

* *altura*: altura da marea. O separador decimal é unha coma ",".

* *idTipoMarea*: identificador numérico do estado da marea. Pode tomar os valores 0 e 1, baixamar e preamar respectivamente.

* *id*: valor numérico para identificar por orde cada un dos estados da marea.

Etiquetas dun bloque representativo

```
<item>
  <title>Mareas en A Coruña para martes 16 de setembro</title>
  <link>http://www.meteogalicia.es/web/predicion/maritima/mareasIndex.action?
request_locale=gl&idPorto=1&data=16/09/2014</link>
  <description>...</description>
  <pubDate>Mon, 15 Sep 2014 22:00:00 GMT</pubDate>
  <guid>http://www.meteogalicia.es/web/predicion/maritima/mareasIndex.action?
request_locale=gl&idPorto=1&data=16/09/2014</guid>
  <dc:date>2014-09-15T22:00:00Z</dc:date>
  <georss:point>43.349998474121094 -8.383333206176758</georss:point>
  <Mareas:nomePorto descripcion="Porto">A Coruña</Mareas:nomePorto>
  <Mareas:idPorto descripcion="IdPorto">1</Mareas:idPorto>
  <Mareas:idPortoRef descripcion="IdPortoRef">1</Mareas:idPortoRef>
  <Mareas:dataPredicion formato="dd/MM/yyyy">16/09/2014</Mareas:dataPredicion>
  <Mareas:mareas id="0" estado="Baixamar" hora="04:05" altura="1,5" idTipoMarea="0" />
  <Mareas:mareas id="1" estado="Preamar" hora="10:35" altura="3,1" idTipoMarea="1" />
  <Mareas:mareas id="2" estado="Baixamar" hora="16:56" altura="1,5" idTipoMarea="0" />
  <Mareas:mareas id="3" estado="Preamar" hora="23:17" altura="2,9" idTipoMarea="1" />
</item>
```